



## CONCURSO DE FACHADAS E BALCÓN\$ DE NADAL

**Primeira** – Poderán participar neste **Concurso de Fachadas e Balcóns de Nadal 2020**, as vivendas ou negocios que se encontren unicamente dentro do término municipal do Concello de Cartelle e sexan adornadas con motivos de Nadal. Os espazos poderán ser:

- Familiar : balcón, fiestra, porta, fachada de casa ou xardín exterior etc

-Colectiva: comunidade de veciños, residencias, bares, salón de peiteado, rúas, asociacións etc

A decoración terá que ter relación coa festividade de Nadal e os motivos tradicionais da mesma, tendo os-as participantes plena liberdade en canto a técnica e o estilo.

**Segunda**– Os interesados en participar terán que enviar a inscrición cuberta nunha mensaxe privada o facebook do Concello de Cartelle ou o correo [dani\\_armada@hotmail.com](mailto:dani_armada@hotmail.com), ata o 24 de decembro de 2020.

A inscrición poderase descargar tanto na páxina web do Concello como no propio Facebook. Nós encargáremonos de subir a foto o Facebook do Concello para que todos os veciños a poidan ver.

**Terceira**- Para que se poida realizar o concurso deberán constar un mínimo de cinco fachadas engalanadas.

**Cuarta** – A fachada exterior participante, terá que ser decorada con materiais e formas alegóricas o ambiente propio das Festas de Nadal, quedando excluído o emprego de lume (fachos, velas, etc) ou calquera outro elemento de pirotécnica (petardos, bengalas, etc). A montaxe e desmontaxe dos elementos decorativos será realizado por cada participante. Para a decoración de Nadal poderán empregarse todo tipo de materiais que os-as participantes consideren oportunos, así como materiais procedentes da natureza ou outro medio natural, sempre e cando proveñan de talas naturais. Poderase empregar así mesmo elementos de decoración iluminativos.

**Quinta** – . A decoración, non podrá desmontarse antes do luns 6 de Xaneiro de 2021, co obxecto de que poidan contemplarse durante as Festas de Nadal. En caso de que se producira algún tipo de desperfecto do material empregado durante este período de exposición, este será responsabilidade do particular ou colectivo que montou a decoración e non do organizador deste concurso.

**Sexta** – O xurado estará composto por:

-Daniel Fernández Carril– Concelleiro de cultura de Cartelle e organizador do concurso.

-Noelia Martínez Álvarez – Traballadora do Concello de Cartelle.

-Mar García Francisco – Vicepresidenta da ANPA.

-María Dolores Quinteiros Miguez - Secretaria da Asociación de mulleres rurais de Espiñoso.

A puntuación final do xurado dependerá dos seguintes aspectos que se valorarán do 1 o 5, sendo a suma de todos os puntos recibidos quen determine o gañador. En caso de empate, decidírase por sorteo entre as propostas con maior puntuación:

1. Deseño e orixinalidade.
2. Iluminación.
3. Emprego de materiais reciclados.
4. Tradición popular.

Se algún membro do xurado ten relación directa con algunha decoración navideña de fachada presentada, este non poderá votar a esa fachada.

O fallo será inapelable.

**Sétima** – O fallo do Xurado e a entrega de premios será comunicada por teléfono ós gañadores , que recibirán os premios no Concello de Cartelle.

**Oitava** – Haberá tres premios outorgados polo Concello de Cartelle:

- 1º premio de 300 €
- 2º premio de 200 €
- 3º premio de 100 €

**Novena** – O incumprimento das bases anteriormente descritas conlevará a exclusión do concurso.